



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZAOITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (10/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas do día dezaioito de xullo de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras, e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 11 de xuño de 2025
- 2.- Aprobación da acta da sesión do día 20 de xuño de 2025
- 3.- Dar conta do Informe da Secretaría-Intervención sobre o período medio de pagamento a provedores do 2º trimestre de 2025
- 4.- Dar conta do Informe da Secretaría – Intervención sobre os reparos e acordos contrarios a eles e dos supostos de omisión de función interventora aos que se refiren os artigos 15 e 28 do Real Decreto 424/2017, correspondente ao exercicio de 2024
- 5.- Dar conta do informe resumo da Secretaría-Intervención de control interno á que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, correspondente ao exercicio de 2024
- 6.- Proposta de festivos locais para o ano 2026
- 7.- Aprobación do Orzamento Municipal para o ano 2025
- 8.- Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 10/2025
- 9.- Moción do Grupo Municipal Popular en defensa do estado democrático e de dereito e en repulsa da corrupción que afecta a contorna persoal e política de Pedro Sánchez, Presidente do Goberno de España
- 10.- Moción do Concelleiro do BNG en defensa da igualdade e contra a LGTBFobia
- 11.- Moción de Amnistía de Internacional sobre o conflito de Gaza
- 12.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de xuño último
- 13.- Asuntos urxentes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

14.- Rogos e preguntas

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 11 de XUÑO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Non se producen intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes. Xa que logo, a acta da sesión do día 11 de xuño de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 20 de XUÑO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Non se producen intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes. Xa que logo, a acta da sesión do día 20 de xuño de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

3.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO 2º TRIMESTRE DE 2025

O informe da Intervención ao que se refire este punto da orde do día consta asinado dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/X999/000018, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

"INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025

Don Baldomero Beceiro Alonso, Secretario-Interventor do Concello de Monfero,

INFORMA

Que con data 10 de xullo 2025 se comunicaron os datos relativos ao PERÍODO MEDIO DE PAGO GLOBAL do segundo trimestre do exercicio 2025, de conformidade ao artigo 4.1 b) da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e de conformidade ao establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, pola que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

retención de recursos do réximes de financiamento, previsto na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, segundo os datos obtidos da contabilidade municipal e Rexistro de facturas do programa Sicalwin, que agás erro ou omisión involuntaria, indícanse deseguido:

PMP TRIMESTRAL

RATIO OPERACIÓNS PAGADAS	IMPORTE DE PAGOS REALIZADOS	RATIO DE OPERACIÓNS PENDENTES DE PAGO	IMPORTE DE PAGOS PENDENTES	PERÍODO MEDIO DE PAGO TRIMESTRAL
37,77	385.082,85	31,58	37.015,10	33,58

Infórmase de que o período medio de pagamento desta entidade correspondente ao 2º trimestre de 2025 supera o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pagamento a provedores, que actualmente é de 30 días, polas consecuencias que disto se derivan e para que se adopten as medidas necesarias que permitan a súa redución e volta a unha situación de cumprimento.

Segundo o artigo 13.6 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira:

“As Administracións Públicas deberán publicar o seu período medio de pagamento a provedores e dispoñer dun plan de tesourería que incluírá, polo menos, información relativa á previsión de pagamento a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade. As Administracións Públicas velarán pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesourería.

Cando o período medio de pagamento dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á mencionada publicación, como parte do devandito plan o seguinte:

a) O importe dos recursos que vai dedicar mensualmente ao pagamento a provedores para poder reducir o seu período medio de pagamento ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.

b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobranzas e pagos, que lle permita xerar a tesourería necesaria para a redución do seu período medio de pago a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.”

Monfero, 10 de xullo de 2025.

O Secretario-Interventor

Baldomero Beceiro Alonso”



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se o teñen todos, non se producen intervencións, manifesta que o período medio de pagamento do segundo trimestre foi de 33,58 días, que se excede un pouco, en tres días, do que marca a Lei por uns problemas cunhas certificacións de obras pero que aínda así cre que o período medio de pagamento é bastante bo e remata declarando que o Pleno toma razón.

4.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA - INTERVENCIÓN SOBRE OS REPAROS E ACORDOS CONTRARIOS A ELES E DOS SUPOSTOS DE OMISIÓN DE FUNCIÓN INTERVENTORA AOS QUE SE REFIREN OS ARTIGOS 15 E 28 DO REAL DECRETO 424/2017, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2024

O informe da Intervención ao que se refire este punto da orde do día consta asinado dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/X999/000026, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“INFORME ANUAL DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN CORRESPONDENTE A 2024.

SOBRE OS ACORDOS ADOPTADOS CONTRARIOS AOS REPAROS EFECTUADOS E SUPOSTOS DE OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA

Normativa aplicable:

-Artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante RDL 2/2004).

-Artigos 12, 15 e 28 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local (en adiante RD 424/2017).

-Resolución de 15 de xaneiro de 2020, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 19 de decembro de 2019, polo que se aproba a Instrución sobre a remisión da información relativa ao exercicio do control interno das entidades locais.

De acordo coa normativa de aplicación, o órgano interventor, con ocasión da dación de conta da liquidación do orzamento, elevará informe ao Pleno sobre todas as resolucións adoptadas polo presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Dito

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

informe atenderá só a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice. A toma de razón deste informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria. O presidente da Corporación poderá presentar no pleno un informe xustificativo da súa actuación.

Nos supostos nos que a función interventora fora preceptiva e se omitira, non se poderá recoñecer a obriga, nin tramitar o pagamento, nin intervir favorablemente estas actuacións ata que se coñeza e resolva dita omisión nos termos previstos no artigo 28 do RD 424/2017. Se o órgano interventor ao coñecer dun expediente observara a omisión da función interventora o manifestará á autoridade que o iniciou e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, coa fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da entidade local decidir se continúa o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso procedan. Estes informes, que non terán a natureza de fiscalización, incluíranse na relación de resolucións contrarias a reparos referida anteriormente.

Unha vez informado o pleno da entidade local, con ocasión da conta xeral, o órgano interventor remitirá anualmente, ao Tribunal de Contas e, no seu caso, ao órgano de control externo autonómico correspondente, todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente da entidade local e polo pleno da corporación contrarios aos reparos formulados e, no seu caso, á opinión do órgano competente da Administración que ostente a tutela ao que se solicitara informe de conformidade coa opción establecida legalmente, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos, debendo acompañarse á citada documentación, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola corporación local con independencia da participación doutros órganos de control.

O Tribunal de Contas, por acordo do seu pleno do 19 de decembro de 2019, aprobou a Instrución sobre a remisión da información relativa ao exercicio do control interno das entidades locais, que se publicou no BOE núm. 15, correspondente ao 17 de xaneiro de 2020, por resolución da súa presidencia de 15 de xaneiro de 2020. Ten por obxecto regular a forma, alcance e procedemento que debe seguirse para dar cumprimento ao deber de remisión da información ao Tribunal de Contas por parte dos órganos de intervención das entidades locais establecido no artigo 218.3 do RDL 2/2004, e nos artigos 5.2, 12.5, 15.7 e disposición adicional quinta do RD 424/2017. Dispón que a remisión da información e documentación á que se refire dito informe, efectuarase a través da Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais con anterioridade ao 30 de abril do exercicio seguinte a aquel ao que se refiran.

Achégase a este informe ficheiro asinado dixitalmente, contendo a relación da información enviada, e ficheiros xustificantes como un único pdf (120) contendo toda a



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

documentación subministrada (acordos e informes) aos órganos de control externo por parte desta Intervención.

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

O Secretario-interventor
Baldomero Beceiro Alonso”

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se o teñen todos e se hai algunha intervención, non se produce ningunha e declara que o Pleno toma razón.

5.- DAR CONTA DO INFORME RESUMO DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE CONTROL INTERNO Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 37 DO REAL DECRETO 424/2017, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2024

O informe da Intervención ao que se refire este punto da orde do día consta asinado dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/X999/000026, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“CONCELLO DE MONFERO

INFORME ANUAL DE CONTROL INTERNO DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

EXERCICIO 2024.

I. Introducción.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, ao modificar os artigos 213 e 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, incorporou á normativa reguladora do control e fiscalización das entidades locais procedementos e obrigacións cos que se perseguía dotar de maior

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

transparencia á xestión pública local e de maior transcendencia aos resultados do control, contribuíndo a facilitar o coñecemento global da problemática na xestión regular dos recursos públicos no ámbito local.

Ademais, a modificación introducida na o artigo 213, insta ao Goberno, a proposta do Ministerio de Facenda, a desenvolver as normas sobre o modelo de control interno aplicable nas entidades do sector público local, en cuxo cumprimento se aprobou o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

O artigo 37 deste Real Decreto dispón que o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumen dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. O informe resumen será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financeiro e de función interventora realizadas no exercicio anterior. A Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das Entidades Locais.

O BOE núm. 96, correspondente ao día 6 de abril de 2020, publicou a Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

Esta resolución establece que o órgano de control de cada entidade local deberá elaborar anualmente o informe resumen ao que se refire o artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. O informe deberá conter os resultados máis significativos, a xuízo do órgano de control, que se deduzan de todas as actuacións de control realizadas durante o exercicio anterior, na propia entidade local e nas súas entidades dependentes, tanto derivados do exercicio da función interventora, como dos informes emitidos sobre as actuacións de control permanente e auditoría pública. Como actuacións de control realizadas deben entenderse todas aquelas que desen lugar á emisión e remisión dun informe definitivo de control ao órgano controlado. Para determinar os asuntos para incluír e o seu enfoque, pode utilizarse como orientación a guía que se inclúe como anexo I á resolución.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A estrutura do informe adaptarase á que figura como modelo no anexo II da resolución e conterá, polo menos, os seguintes apartados:

- Introducción.
- Alcance.
- Conclusións e recomendacións.
- Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.
- Valoración do plan de acción do exercicio anterior

O informe elaborárase e emitírase ao longo do primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte ao que se refiren as actuacións de control e deberá remitirse polo Interventor asinante directamente á Intervención Xeral da Administración do Estado e ao Pleno, por conduto do Presidente da Corporación. A expresión do artigo 37.1 do Real Decreto 424/2017 «con ocasión da aprobación da conta xeral», ha de ser interpretada no sentido de que se refire a actuacións a realizar que se enmarcan dentro do proceso de elaboración, formulación e aprobación da conta xeral e, por tanto, a remisión ao Pleno e á Intervención Xeral da Administración do Estado do informe resumen debe ser realizada antes do 30 de abril do exercicio seguinte a aquel no que se realizaron as actuacións de control que se inclúen no citado informe resumo.

No Concello de Monfero está establecido o réxime de control interno simplificado, regulándose nas bases de execución do orzamento en vigor, que son as correspondentes ao orzamento de 2023, prorrogado para o 2024 e 2025, aprobado por acordo do pleno da corporación do 16 de decembro de 2022, de acordo coa posibilidade establecida no artigo 39 do Real Decreto 424/2017, por estar incluído no ámbito de aplicación do modelo simplificado de contabilidade local, e tamén o estaba no exercicio de 2023, o que implica, de acordo co artigo seguinte, o exercicio da función interventora sen que resulta de aplicación obrigatoria a función de control financeiro, sen prexuízo da aplicación da auditoría de contas nos supostos previstos no artigo 29.3.A) da última norma citada e daquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal. A función interventora exerceuse no réxime de intervención limitada previa de requisitos básicos ao que se refiren os artigos 219.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e 13 do Real Decreto 424/2017, desde hai moitos anos, regulándose tamén nas bases de execución do orzamento en vigor en cada momento. Neste réxime, a intervención previa limítase a comprobar a existencia de crédito suficiente e axeitado, nos casos de gastos con financiamento afectado comprobándose tamén que os recursos que os financian son executivos, o cumprimento do preceptuado no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 no caso de gastos de carácter plurianual, que as obrigas ou gastos se xeran por órgano competente, e os elementos transcendentais no proceso de xestión fixados nos acordos do Consello de Ministros vixentes en cada momento con respecto do exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos naqueles supostos que sexan de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

aplicación ás entidades locais. En concreto no exercicio de 2024, a Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, e a Resolución de 25 de xullo de 2018, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos contratos do sector público e encargos a medios propios. Pola súa banda, a fiscalización previa de dereitos e ingresos substitúese, en harmonía co acordado co Pleno da corporación con motivo da aprobación das bases de execución do orzamento vixente no 2024, e tamén no 2025 polo de agora, polo control inherente a toma de razón na contabilidade, sen alcanzar á fiscalización dos actos de ordenación e pagamento material derivados de devolucións de ingresos indebidos.

II. Alcance do informe resumo

Como base para a elaboración deste informe resumo, pártese das actuacións de control realizadas no exercicio 2024, as que someramente describo deseguido.

De acordo co réxime aplicable descrito no parágrafo anterior, exerceuse no 2024 o control interno simplificado, é dicir, a función interventora, controlando os actos da entidade que dan lugar ao recoñecemento de dereitos e á realización de gastos, así coma os ingresos e pagamentos que dela se derivan e o investimento e a aplicación en xeral dos seus fondos públicos, coa fin de asegurar que a súa xestión se axusta ás disposicións aplicables en cada caso, e o control financeiro limitado só a aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal, por ser só estas as funcións de cumprimento obrigatorio no réxime de control interno simplificado que se aplican no Concello.

No exercicio da función interventora, realizáronse as fases que se relacionan a continuación co alcance sinalado anteriormente derivado dos réximes aplicables na Corporación segundo o acordado por ela, é dicir, de intervención limitada previa de requisitos básicos nos gastos e toma de razón en contabilidade no caso dos ingresos:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- a) A fiscalización previa dos actos que recoñeceron dereitos de contido económico, autorizaron ou aprobaron gastos, dispuxeron ou comprometeron gastos e acordaron movementos de fondos e valores.
- b) A intervención do recoñecemento das obrigas e a intervención da comprobación material dos investimentos.
- c) A intervención formal da ordenación dos pagamentos.
- d) A intervención material dos pagamentos.

A función interventora exerceuse, co alcance e limitacións aplicables acordadas, xa expostas anteriormente neste informe, nas súas modalidades de intervención formal e material. A intervención formal consistiu na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción dos acordos mediante o exame dos documentos que preceptivamente deban estar incorporados ao expediente. Na intervención material comprobando a real e efectiva aplicación dos fondos públicos.

Cando a función interventora era preceptiva e omitiuse, procedeuse de conformidade co disposto no artigo 28 do Real Decreto 424/2017.

Ademais, entre outras, leváronse a cabo de forma continuada as actuacións encadradas no control interno que constan nos respectivos expedientes e que non se achegan por razóns de economía de trámite, cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obriga legal que se indican deseguido:

- a) O control de subvencións e axudas públicas, de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) O informe da prorroga dos orzamentos e dos expedientes de modificación destes.
- c) A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do Orzamento.
- d) A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financeira ou orzamentaria se lle solicitaron ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial, así como o ditame sobre a procedencia da implantación de



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

novos Servizos ou a reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidade orzamentaria das respectivas propostas.

e) Os informes e certificados en materia económico-financeira e orzamentaria e a súa remisión aos órganos establecidos pola súa normativa específica.

No referente á disposición dos medios necesarios e suficientes para desenvolver un modelo de control eficaz nos termos que establece o artigo 4 do Real Decreto 424/2017, reitérase o informado, conforme se ven facendo ultimamente nos informes sobre os proxectos de orzamento e con carácter previo á liquidación do orzamento, da insuficiencia de persoal para facer fronte a todas as tarefas encomendadas ao Concello en xeral e á area de secretaría-intervención, con funcións de tesourería, en particular, que van “in crescendo” ano tras ano coa incorporación de novas obrigas. A necesidade de dotar e actualizar a relación de postos de traballo do Concello, na que existen prazas vacantes desde hai moitos anos, a de asignación das que se precisa realizar e que non aparecen reflectidas en dito documento, adaptándoa ás novas obrigas municipais. Tamén a necesidade de previr e planificar axeitadamente a atención ás carencias de persoal, permanentes e puntuais, a cobertura das prazas vacantes e o control do persoal.

III. Conclusións e recomendacións

As conclusións máis relevantes que se deducen das actuacións de control realizadas no exercicio da función interventora expóñense a continuación.

Obsérvase que aínda que se segue a mellorar, destaca, porque tamén segue a ser importante, o grao da contratación verbal, que se considera que podería mellorar de forma moi importante con planificación e cun maior grao de comunicación e aumentando a capacidade de xestión do Concello reforzando os servizos encargados. Séguense a atender desta maneira, ou tamén con moita frecuencia con contratos menores que non se consideran procedentes, gastos previsibles, recorrentes e periódicos e outros de pequena contía, e algúns que pola contra, no seu cómputo anual, obrigarían a contratación nun procedemento aberto, tales como os de subministración de enerxía eléctrica ou os de subministración de combustibles e carburantes, que por estes motivos son tramitados polo procedemento da omisión da función interventora na fase da súa adxudicación, ao non estar excluídos de fiscalización, para a aprobación da liquidación e do recoñecemento dos gastos



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

correspondentes. Aspecto que se solucionaría mediante a súa contratación en forma ou adhesión a centrais de contratación e posterior tramitación.

En materia de contratación, segue a ser moi loable a utilización en case todos os casos de procedementos nos que os criterios de adxudicación baséanse no prezo e noutros criterios de adxudicación obxectivos avaliados automaticamente mediante a aplicación de fórmulas.

Tamén hai que insistir aquí no xa informado no seu momento, sobre a necesidade de adaptar a relación de postos de traballos ás novas necesidades, e a asignación das novas funcións, e da súa cobertura, para que responda a súa finalidade; da planificación e atención as necesidades puntuais imprescindibles de persoal para que non deixen de funcionar servizos esenciais, insistindo na necesidade de deixar de atender con solucións temporais as necesidades permanentes de persoal do Concello, así como do seu obrigado control.

En materia de control interno, destacar a falta de aprobación dos orzamentos municipais no ano que se avalía, situación que se está a dar tamén no actual.

IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través de un plan de acción

No parágrafo anterior de conclusións e recomendacións, fanse as necesarias para a corrección das deficiencias detectadas, considerándose oportuna a elaboración dun Plan de Acción que inclúa medidas, prazos e responsables, para corrixir as deficiencias que se poñen de manifesto.

V. Valoración do plan de acción.

Non se inclúe a valoración do plan de acción ao non terse aprobado.

É o que agás erro ou omisión involuntaria ten que informar o funcionario que asina.

Monfero, 1 de xullo de 2024

O secretario-Interventor



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Baldomero Beceiro Alonso”

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se teñen todos o informe, que supón que o leron, e se hai algunha intervención, non se produce ningunha e declara que o Pleno toma razón.

6.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2026

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000010, enviouse, coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o interesado pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, co obxecto de comunicar as datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2026 para os efectos de ditar a resolución pola que se determinan as festas laborais de ámbito local, propóñolle ao Pleno da corporación que adopte o seguinte acordo:

Propoñerlle á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade o Luns e o Martes de Entroido como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no municipio de Monfero para o ano 2026.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

Non se producen intervencións relevantes e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía de proposta de festivos locais para o ano 2026 á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

7.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2025

O certificado do ditame-proposta da Comisión Especial de Contas do día 10 de xullo de 2025 ao que se refire este punto da orde do día e a emenda de adición da alcaldía constan asinados dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/T004/000003, enviáronse, coa convocatoria desta sesión o certificado do ditame

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

e onte a emenda, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbense textualmente a continuación:

“CERTIFICACIÓN

Baldomero Beceiro Alonso, secretario do Concello de Concello de Monfero, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** que a Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada xoves 10 de xullo de 2025, adoptou o acordo que deseguido transcribo:

3. DITAME SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O ANO 2025

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/T004/000003, enviouse, xunto co Tomo Orzamento 2025 que tamén consta asinado dixitalmente nese mesmo expediente electrónico, contendo toda a documentación do dito orzamento, con anterioridade á celebración desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA:

Logo de ver o proxecto, documentos que o integran, informes, certificados e demais datos e antecedentes que obran no expediente tramitado para a aprobación do Orzamento deste Concello para o exercicio de 2025, e apreciar que en todas as subvencións nominativas existen razóns obvias xustificadas de interese público, social e económico que dificultan e fan innecesaria a convocatoria pública, que ten cabida nas súas bases de execución a regulación de todas as cuestións que nelas se deciden e que se acordan a través delas, propóñolle á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte acordo:

INFORMAR FAVORABLEMENTE O PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO DE 2025 E TODOS OS DOCUMENTOS QUE O INTEGRAN E PROPOÑER AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SIGUIENTES ACORDOS:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta Entidade para o exercicio de 2025, cuxa contía queda fixada, tanto en gastos como en ingresos, na cantidade de DOUS MILLÓNS NOVECIENTOS MIL EUROS, quedando inicialmente fixados os Estados de ingresos e gastos nas seguintes cifras resumidas por capítulos.

GASTOS		
CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN
I	Gastos de persoal	917.511,29
II	Gastos correntes en bens e servizos	1.128.919,90

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

III	Gastos financeiros	2.544,97
IV	Transferencias correntes	129.924,00
VI	Investimentos reais	584.219,64
VII	Transferencias de capital	2.576,44
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	134.303,76
Suma total de gastos		2.900.000,00

INGRESOS		
CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN
I	Impostos directos	547.394,48
II	Impostos indirectos	16.604,50
III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	82.462,96
IV	Transferencias correntes	1.688.318,42
V	Ingresos patrimoniais	0,00
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
VII	Transferencias de capital	565.219,64
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	0,00
Suma total de ingresos		2.900.000,00

2º.- Aprobar, igualmente, as Bases de Execución do devandito orzamento, coas normas en materia de persoal e actualización da relación de postos de traballo que comporta a amortización das prazas que implica, e os importes para retribucións, asistencia e indemnizacións para os membros da Corporación que se conteñen nelas, que non varían, o Anexo de Investimentos e o Cadro e o Anexo de Persoal para o 2025.

3º.- Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles, para efectos de reclamacións, conforme ao preceptuado no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e se non se presentase ningunha, dentro do devandito prazo, este acordo suporá a aprobación definitiva do orzamento, elevándose, na súa virtude, a definitivas as súas cifras de gastos e ingresos anteriores, e que se anuncien resumidos por capítulos os seus estados de gastos e ingresos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal, xunto co cadro de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real decreto legislativo 781/1986 do 18 de abril, e 169.3. do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; e noutro caso procederase de acordo co previsto no nº 1 deste último



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

artigo, e, de conformidade co nº 4 do mesmo artigo, remítase, no seu día, copia certificada á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

En Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

O Alcalde
Alberto Cortizas Rejo"

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se trata de ditaminar o Orzamento para o 2025, como trámite previo para posteriormente sometelo á aprobación do Pleno da Corporación. Expressa que é un orzamento de 2.900.000,00€, realista, que mellora moito o de 2023. Fai unha comparación de varias áreas de gasto do 2025 con respecto ao 2023. Di que a 1ª pasa de 494.236,45€ a 605.912,17€, a 3ª de 317.514,99€ a 383.546,16€, a 4ª de 373.637,65€ a 594.940,07€, e a 9ª de 412.961,40€ a 440.781,36€. Continúa, manifestando que son moitos números e que é un documento complexo, que xa o teñen. Que vai ler por enriba a memoria. A le parcialmente simultaneando explicacións e comentarios. Pregunta se hai algunha intervención.

Intervén deseguido a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.ª M.ª Belén Salido Maroño. Manifesta que, como acaba de dicir o Sr. Alcalde en funcións, son moitos documentos e en dous días é imposible facer unha valoración. Que alardean de que é un orzamento realista pero que desde o Grupo do PP non o ven tanto, que cando o vexan en profundidade, para o pleno, farán a valoración. Que van a reservar o seu voto para o pleno.

A continuación, o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, indica que el tampouco tivo tempo para velo e que tamén reserva o seu voto para o pleno.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a proposta a votación. Vótase e o resultado é o seguinte: 3 votos a favor (PSOE), ningún voto en contra e ningunha abstención. A Sra. Concelleira do PP e os Sres. Concelleiros do PP e do BNG non votan. Xa que logo, queda aprobada por maioría.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde en funcións, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Secretario,

O secretario-interventor, Baldomero Beceiro Alonso



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

“EMENDA DE ADICIÓN QUE FORMULA O SR. ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO AO DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DO 11 DE XULLO DE 2025 SOBRE O ORZAMENTO DE 2025, INCLUÍDO NO PUNTO 7º DA SESIÓN PLENARIA A CELEBRAR O DÍA 18 DE XULLO DE 2025

Logo de levar a cabo a Mesa de Negociación sindical sobre o proxecto de Orzamento de 2025 o pasado día 16 de xullo de 2025, resulta conveniente emendar o ditame da Comisión Especial de Contas de referencia para deixar constancia expresa da postura do Concello con respecto a garantir o salario mínimo interprofesional a todas as persoas traballadoras do Concello, engadindo ao punto segundo do dito acordo o seguinte parágrafo:

“E garantir de forma expresa a percepción do Salario mínimo interprofesional vixente en cada momento para todos os postos de traballo, que se levara a cabo mediante as modificacións que sexan necesarias para adecuar o sistema retributivo ao que estableza a futura Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou norma básica habilitante.”

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que antes de iniciar o debate sobre a aprobación dos orzamentos, quería engadir a emenda de adición que lles enviou tanto ao PP como ao BNG. Pregunta se a leron. Tanto a Sra. Voceira do PP como o Sr. Concelleiro do BNG expresan que si. Explica entón que se trata dunha emenda que consideran que hai que engadir aos orzamentos tras a Mesa de negociación sindical que tivo cos sindicatos o mércores 16, na que chegaron á conclusión de que hai que garantirlles de forma expresa o salario mínimo interprofesional vixente en cada momento a todos os postos de traballo que haxa no Concello de Monfero, vixentes ou que se cren.

Non se producen intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación a aprobación da emenda. Vótase, resultando aprobada con 4 votos a favor (PSOE e BNG), ningún voto en contra e 4 abstencións (PP). O Sr. Alcalde en funcións proclámao.

Continúa o Sr. Alcalde en funcións anunciando que entón se inicia o debate para a aprobación do orzamento municipal para o 2025.

Manifesta que, como xa informou na Comisión de Contas, que non sabe se queren que volva a resumir todo, que son uns orzamento moito máis ambiciosos que os de 2023, bastante máis, que son necesarios para garantir que os servizos públicos se sigan prestando en Monfero, que se actualizan moitas partidas para non poñer en perigo a súa prestación, como a recollida do lixo, iluminación pública, recollida de plásticos agrícolas, voluminosos, actividades deportivas e culturais, etc. Que todos os custos



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

subiron desde o 2023 e é necesario actualizar os importes e os orzamentos o recollen, son axeitados aos custos dos servizos que existen agora. Que tamén son importantes para o tecido asociativo no que vai unha importante cantidade de diñeiro destinado a asociacións, comisións de festas, asociacións deportivas, culturais e demais. Que cre que xa explicou todo na Comisión de Contas e non sabe se queren que se explique máis. Volve resaltar que son bastante máis amplos que en 2023, que non teñen nada que ver e que lle gustaría contar co apoio de todos porque senón moitos servizos públicos ao mellor se poñen en perigo debido ao que os custos eleváronse e os orzamentos de 2023 están totalmente desfasados e desactualizados á baixa conforme aos custos que supoñen os servizos para o Concello actualmente.

Deseguido pregunta se hai intervencións. Pide a palabra para intervir D.^a M.^a Belén Salido Maroño, Voceira do Grupo Político Municipal do PP, e manifesta que non ve moi lóxico que lles pida que os apoiem cando non os chamou para negociar nada nin para sentarse a falar, o que é un pouco surrealista. Que como xa dixeron o outro día na Comisión de Contas, que ven que por moito que queiran vender que son excelentes, o que ven é que os orzamentos que se lles presentan non cobren as necesidades que hai no Concello agora mesmo e que, evidentemente, (o Grupo Popular) ten outra liña por onde lles gustaría actuar, tal e como reflectía o seu programa electoral, e que ven que (o Goberno) non quere traballar nesa liña, que están moi distantes un grupo do outro, que ven que traballan (o goberno) máis cara ao amiguismo e a ese tipo de política e que a eles lles gustaría traballar para todos os veciños e veciñas de Monfero, como están facendo agora desde a oposición, e entón que o seu voto vai a ser en contra por este motivo, porque cren que este orzamento non se acorda ao que Monfero necesita agora mesmo e porque hai moitas cousas que non aparecen, que levan moitos plenos pedindo unha serie de cousas que non aparecen reflectidas no orzamento, entón iso xa sería un motivo para non aprobalos, porque cando eles traen as cousas ao pleno é porque os veciños llas piden e entón esas cousas ven necesario que se cumpran.

Pregúntalle o Sr. Alcalde en funcións que cousas non aparecen, que ao mellor están implícitas e non... A Sra. Voceira respóndelle que desde que comezou a lexislatura levan pedindo melloras en Internet, melloras en cobertura móbil, que mesmo no último pleno, sen irse máis aló, pedían unha vez mais o arranxo da pista polideportiva de Queixeiro, que lle consta que lle pediron por activa e por pasiva, xa Andrés tamén cando estaba, e ao Sr. Alcalde en funcións tamén, o arranxo da Escola do Xestal, que non aparece para nada. Que podería seguir, que hai unha larga lista de cousas que non aparecen reflectidas no orzamento. O Sr. Alcalde en funcións replícalle que as melloras en Internet e na cobertura móbil non son competencia do Concello, que iso ten que ser a través de subvencións do Ministerio e da Xunta. A Sra. Voceira contrareplícalle que o Concello pode facer algo, igual que o pode facer no tema do saneamento, co que non contan. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que on pode ir todo xunto nun orzamento, que non collen todas as necesidades nun orzamento, que para iso habería que aumentar os ingresos, sen dúbida, e que os ingresos aumentan recadando máis e poñendo máis impostos. A Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que ela non é a que lles vai a dar as liñas mestras para facer uns orzamentos porque son eles os que están



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

a gobernar, que si estiveran gobernando os farían doutra maneira. O Sr. Alcalde en funcións engade que iso ademais de que non cobra ningún político, que moitas veces se achaca que se baixen os soldos e que non é o caso. A Sra. Voceira do PP contéstalle que a perdoe pero que discrepa totalmente co Sr. Alcalde en funcións porque eles todos os meses levan unhas asistencias para a casa. Contéstalle o Sr. Alcalde en funcións que claro pero que non hai ningún político ni con dedicación exclusiva ni con parcial. Respóndelle a Sra. Voceira do PP que xa o sabe pero que igual compensaba máis facer unha dedicación porque aquí todos están embuchando ao final de mes. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si e pregúntase retoricamente que canto. Pregúntalle entón a Sra. Voceira do PP que canto levou para a casa o mes pasado. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que catrocentos euros ou así. Ela respóndelle que polo que ve que menos de cincocentos... que este mes si porque non fixeron tantas comisións de goberno, que están a ver que se fan comisións baleiras totalmente de contido con tal de vir e cobrar. Dille o Sr. Alcalde en funcións que é iso mentira, que hai meses que se levan levan 240, que llo compare agora co que cobran os alcaldes do resto dos concellos, ou os concelleiros. A Sra. Concelleira replícalle que igual tamén o merecen porque tamén hai que comparar a situación que ten o Concello de Vilarmajor, ou de Aranga ou de Irixoa coa situación na que está o Concello de Monfero, que lle compare os servizos e todo o que teñen, que non hai que mirar só... Conclúe o Sr. Alcalde en funcións que discrepan, que ela pensa así pero el non e que co seu voto en contra pon en perigo os servizos públicos que presta o Concello e á parte o tecido asociativo e outras cousas pero que respecta a súa decisión que para iso están aquí, para o debate e para aprobalos ou para rexeitalos ou para o que sexa.

Deseguido pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que para comezar, para darlle un pouco a razón á Sra. Voceira do Grupo Popular no que está dicindo, que facer política consiste en falar, non falar con el (o Concelleiro do BNG) só, que debería de falar con todos os da oposición, unicamente que non se presten. Que o seu voto vai ser a favor e que o argumenta en que recolleron as súas propostas, as visitas guiadas ao Mosteiro, que era moito máis ampla que aquí pero que polo menos comezar por algo, o da praza do Arquitecto municipal para o apoio do PXOM e a ver se sae adiante dunha vez, o do transporte aos institutos, que fora unha demanda que xa se fixera e agora por fin vai reflectida tamén, o catálogo patrimonial do PXOM que lle pediron e lles dixo que estaba rematado, non? Neste momento informa o Sr. Alcalde en funcións que está rematado pero que hai que revisalo porque faltan bastantes cousas. Continúa o Sr. Concelleiro do BNG co compromiso de facer a ordenanza reguladora das sacas de madeira antes do inverno. Avisa que antes do inverno está falando de setembro, que non é novembro nin decembro. O Sr. Alcalde en funcións indica que xa ten un borrador para negocialo pero que despois hai un prazo para que entre en vigor e que ninguén a recorra porque houbo concellos que a aprobaron... na Capela a aprobaron fai uns anos e unha asociación de maderistas a recorreu. Replícalle o Sr. Concelleiro que primeiro hai que facela. Continúa o Sr. Concelleiro, dicindo que queda fora unhas das propostas que fixeron, que cre que é bastante investimento, pero que cre que para os próximos orzamentos debería facer o do coworking nas oficinas da Cámara Agraria, que lles



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

dixo (o Sr. Alcalde en funcións) que había problemas de ordenanzas, e pouco máis que argumentar. Que nos orzamentos si que hai unha cousa que lle choca, que é os soldos do funcionariado, que é bastante alto, sobre todo o do Secretario, e que cre que debería de haber unha asistencia no Concello desde as oito da mañá e non desde as dez da mañá, que cos soldos que hai cre que da ben. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que moitos, a maioría, non todos, menos unha persoa ou dúas, teletraballan e que iso está regulado por lei e que lle crea que moitos funcionan mellor teletraballando que estando no Concello. Contéstalle o Sr. Concelleiro do BNG que iso non sabe como collelo, que a atención ao cliente, aos cidadáns é no Concello e que con ningún destes que está traballando aquí pode falar por teléfono para... O Sr. Alcalde en funcións dille que non se refire a iso e acláralle que no Concello sempre vai a haber dúas persoas que atenden ao público pero que despois hai outras persoas que teñen outras funcións que teletraballan porque o permite a lei e que se refire a que moitos deses funcionarios renden máis na casa que no Concello, que tampouco está moi a favor do teletraballo pero que hai unha lei que o recolle. Pregunta agora o Sr. Concelleiro do BNG se o horario do funcionariado é de oito a tres. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que é de oito a tres e media. Manifesta agora o Sr. Concelleiro do BNG que no Concello ás oito da mañá non hai ninguén e ás nove cre que tampouco. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que as nove si e o Sr. Concelleiro do BNG apunta que a última vez que veu facer unha analítica eran as nove e cuarto cando chegou o primeiro, cando se abriu a porta. Manifesta o Sr. Alcalde en funcións que o terán en conta que aí lle da a razón.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter a votación o ditame-proposta emendado. Vótase. O resultado é de 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate repítese a votación co mesmo resultado e decide o voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións, quen proclama a aprobación do Orzamento Municipal para 2025 co voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións.

8.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 10/2025

O certificado do ditame-proposta da Comisión Especial de Contas do día 10 de xullo de 2025 ao que se refire este punto da orde do día consta asinado dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/T002/000010, enviouse, coa convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“CERTIFICACIÓN

Baldomero Beceiro Alonso, secretario do Concello de Concello de Monfero, agás erro ou omisión involuntaria, **CERTIFICO** que a Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada xoves 10 de xullo de 2025, adoptou o acordo que deseguido transcribo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

4. DITAME SOBRE O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 10/2025

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/T002/000010, enviouse, xunto coa memoria xustificativa da Alcaldía e os dous informes da Intervención que tamén constan asinados dixitalmente no devandito expediente electrónico, con anterioridade á celebración desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación, xunto coa memoria xustificativa:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a modificación do orzamento, a memoria xustificativa da Alcaldía, informes de Secretaría-Intervención que constan asinados no correspondente expediente electrónico, e a súa documentación xustificativa, polo importe total de 142.360,42€, e os preceptos legais de aplicación; e tendo en conta que os novos créditos que se propoñen son necesarios para facer fronte ás obrigas da Corporación de carácter inaprazable que se detallan e xustifican na memoria elaborada por esta Alcaldía, propóñolle á Comisión Especial de Contas que adopte o seguinte acordo:

Informar favorablemente o expediente de modificación de créditos núm. 10/2025 e propoñer ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 10/2025, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte:

CRÉDITOS NECESARIOS

Altas en aplicacións de gastos

As aplicacións que deben crearse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos extraordinarios
Progr.	Económica		
165	62900	INSTALACIÓN PUNTOS ILUMINACIÓN PÚBLICA	7.000,00
312	62200	ADQUISICIÓN SISTEMA ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (SAI) CENTRO DE SAÚDE	5.000,00
338	22789	Celebración magosto popular no Mosteiro o 8 de novembro	5.000,00
342	63900	Acondicionamento circuito biosaudable Rebordelo	3.000,00
342	62200	Instalación céspede na piscina municipal	3.335,12
432	22788	Campaña Nadal promoción turismo comercio local	2.000,00
SUMAN			25.335,12

Suplementos en aplicacións de gastos

As aplicacións que deben suplementarse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Aplicación		DESCRICIÓN	Suplementos de crédito
Progr.	Económica		
453	61100	Achega obra POS+ 2025	13.708,54
453	61100	Achega obra POS+ Adicional 2/2025	63.416,47
453	61100	Achega Agader 2024-2025 anualidade 2025	7.696,08
453	61100	Achega Agader 2025-2026 anualidade 2025	8.663,,21
453	61100	Investimento reposición infraestructuras Camiños Santabaia e A Pereira Factura pendente Canarga	17.541,00
453	62900	Instalación marquesinas	6.000,00
SUMAN			117.025,30

TOTAL

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO **142.360,42 €**

FINANCIAMENTO

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do exercicio anterior, polo que a operación queda nivelada e sen déficit inicial.

Introdúcense no orzamento de ingresos as seguintes modificacións:

SUBCONCEPTO

IMPORTE

2025.0.0.0.87000 REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS
142.360,42€

TOTAL..... 142.360,42€



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2.- Continuar a tramitación do expediente de acordo co disposto polo art. 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei 39/1988, reguladora das facendas locais, e as demais normas de aplicación, coa inmediata exposición ao público para os efectos das reclamacións.

3.- No suposto de que non se presenten reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o expediente. Deberase, pois, proceder á publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

“MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS CON CARGO AL REMANENTE DE TESOURERÍA

MEMORIA DA ALCALDÍA

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación ou o consignado é insuficiente e non ampliable, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría para gastos xerais segundo os estados financeiros e contables que resultan da liquidación do orzamento exercicio anterior, faise precisa a concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, respectivamente, financiados con cargo ao remanente líquido de Tesouraría dispoñible do 2024, para o que se tramita o expediente de modificación de créditos núm. 10/2025, de acordo co seguinte.

Altas en aplicacións de gastos

As aplicacións que deben crearse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Aplicación		DESCRICIÓN	Créditos extraordinarios
Progr.	Económica		
165	62900	INSTALACIÓN PUNTOS ILUMINACIÓN PÚBLICA	7.000,00
312	62200	ADQUISICIÓN SISTEMA ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (SAI) CENTRO DE SAÚDE	5.000,00
338	22789	Celebración magosto popular no Mosteiro o 8 de novembro	5.000,00
342	63900	Acondicionamento circuito biosaudable Rebordelo	3.000,00
342	62200	Instalación céspede na piscina municipal	3.335,12
432	22788	Campaña Nadal promoción turismo comercio local	2.000,00
SUMAN			25.335,12

Suplementos en aplicacións de gastos

As aplicacións que deben suplementarse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Aplicación		DESCRICIÓN	Suplementos de crédito
Progr.	Económica		
453	61100	Achega obra POS+ 2025	13.708,54
453	61100	Achega obra POS+ Adicional 2/2025	63.416,47
453	61100	Achega Agader 2024-2025 anualidade 2025	7.696,08
453	61100	Achega Agader 2025-2026 anualidade 2025	8.663,21
453	61100	Investimento reposición infraestruturas Camiños Santabaia e A Pereira Factura pendente Canarga	17.541,00
453	62900	Instalación marquesinas	6.000,00
SUMAN			117.025,30

TOTAL

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO 142.360,42 €

Estas modificacións financiaranse con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais dispoñible resultante da liquidación do exercicio anterior.

XUSTIFICACIÓN

Estes créditos precísanse para atender as seguintes finalidades:

- Instalación de novos puntos de luz na iluminación pública
- Dotar dun sistema axeitado ao Centro de Saúde para previr os cortes de subministración eléctrica
- Celebrar un Magosto popular no Mosteiro de Monfero o 8 de novembro
- Acondicionar o circuíto biosaudable de Rebordelo
- Acondicionamento da superficie do entorno da piscina municipal
- Desenvolver un campaña turística polo Nadal para promocionar o turismo con premios

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

e publicidade no comercio local

- Atender ao pagamento dos servizos contratados e parcialmente executados, con créditos que non se poden incorporar por ser de exercicios anteriores, correspondentes á elaboración de documentación (pregos de prescricións técnicas, estudos económicos, memorias e pregos de cláusulas administrativas particulares) para distintas contratacións
- Á execución de obras de investimento de reposición na reparación, mellora e acondicionamento de camiños no termo municipal
- Atender ao pagamento dunha factura de execución de obras de acondicionamento da vía pública
- Á mellora da rede de marquesiñas do Concello

Estes gastos teñen carácter específico e determinado e é imposible demoralos para exercicios posteriores.

Non existe no estado de gastos do Orzamento vixente crédito suficiente e axeitado para atender a estas finalidades específicas.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se trata de ditaminar este expediente, para posteriormente sometelo á aprobación do Pleno da Corporación. Le as distintas partidas con créditos extraordinarios ou que se suplementan es os correspondentes importes, explicándose en termos similares aos da memoria. Pregunta se hai algunha intervención.

Intervén deseguido a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño. Manifesta que o seu Grupo quere saber onde irá a instalación da luz pública. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que se contratará por contrato menor e cando se confeccione o documento se lle entregará unha copia

Deseguido critica a data escollida para o magosto popular, o 8 de novembro, porque pode vir mal tempo. Manifesta que lle parece curioso que apareza agora cando non se fixo en 2023 nin en 2024.

Expresa, canto á reparación do circuíto biosaudable, que xa o pediran e que lles alegra saber que se vai a facer. Pregunta en que consistirá a reparación e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que hai que poñer máquinas novas.

Pregunta agora se na piscina o gasto é só para céspede ou se é tamén para madeira e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que só céspede. Pide copia da factura.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A continuación pregunta como vai ser o da Campaña do Nadal. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que, en principio, se repartirán papeletas nos supermercados que irán para unhas urnas e despois que haberá varios sorteos con premios por varios importes e que están estudando de amplialo á hostalaría.

Despois pregunta de que é a factura de Canarga e o sr. Alcalde en funcións respóndelle que é dunha obra de aglomerado no Regueiro que non lembra con exactitude pero que lle entregará copia da factura.

Neste intre pregunta que camiños son os de Santabaia e A Pereira. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que é para amplialos un pouco, que xa teñen as sinaturas e, entre D. Ramón Grueiro Martínez e D. José Grueiro Torrado, explícanlle que é saíndo desde un pouco máis abaixo da casa de Amadeo, polas fincas, para darlles servizo. Pregunta a Sra. Concelleira se se vai facer coa pa do Concello e o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que non, que será cun contrato.

Finalmente pregunta onde irán as marquesiñas e o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que no Val de Xestoso, no Reto e na Cal da Abeleira.

Remata manifestando que os membros do Grupo Popular van a reservar o seu voto para o pleno.

A continuación, o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, indica que el tamén reserva o seu voto para o pleno.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a proposta a votación. Vótase e o resultado é o seguinte: 3 votos a favor (PSOE), ningún voto en contra e ningunha abstención. A Sra. Concelleira do PP e os Sres. Concelleiros do PP e do BNG non votan. Xa que logo, queda aprobada por maioría."

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde en funcións, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Secretario,

O secretario-interventor, Baldomero Beceiro Alonso

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que, o mesmo que informou na Comisión de Contas, pasa a describir por enriba as actuacións que se pretenden levar a cabo con cargo ao remanente de tesourería. Le a descrición que consta no ditame proposta.

Deseguido pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que o ditame-proposta da Comisión Especial de Contrás de 10 de xullo de 2025 sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 10/2025 ao que se refire este punto da orde do día, é aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación e quedan adoptados os acordos que se propoñen nel.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN DEFENSA DO ESTADO DEMOCRÁTICO E DE DEREITO E EN REPULSA DA CORRUPCIÓN QUE AFECTA A CONTORNA PERSOAL E POLÍTICA DE PEDRO SÁNCHEZ, PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA

A moción do Grupo Municipal Popular de Monfero en defensa do Estado democrático e de dereito e en repulsa da corrupción que afecta á contorna persoal e política de Pedro Sánchez, Presidente do Goberno de España, á que se refire este punto da orde do día, consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000010, enviouse, ao mesmo que a convocatoria desta sesión, ao Sr. Concelleiro do BNG, e transcríbese textualmente a continuación:

“O Grupo Municipal Popular, segundo o previsto no Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), para elevar ao Pleno a seguinte

MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN DEFENSA DO ESTADO DEMOCRÁTICO E DE DEREITO E
EN REPULSA DA CORRUPCIÓN QUE AFECTA A CONTORNA PERSOAL E POLÍTICA DE
PEDRO SÁNCHEZ, PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA

que trae a súa causa na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivimos unha das etapas máis escuras en termos de deterioro institucional e de casos de corrupción. As investigacións xudiciais acurralan, por primeira vez en Democracia, á contorna persoal e política máis próximo do Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A súa muller; o seu irmán; os dous últimos responsables da Secretaría de Organización do PSOE, e polo tanto, os *número dous* do seu partido; e a persoa que nomeou como Fiscal Xeral do Estado, están inmersos en diferentes dilixencias xudiciais relacionadas con presuntos delitos de corrupción.

Ademais do dano reputacional gravísimo que repercute na máis alta institución executiva do Estado, afóndase nunha situación de crise de confianza nas institucións e na neutralidade institucional sen precedentes na nosa Democracia.

Con todo, lonxe de colaborar coa Xustiza e co esclarecemento dos feitos obxecto de investigación, desde moí diversos ámbitos do Goberno de España, os seus membros e autoridades profiren descualificacións constantes á actividade dos xuíces e tribunais, nun comportamento impropio dun Estado de dereito, democrático e avanzado.

A isto hai que engadir a actitude indulxente de formacións políticas como o BNG, socios de investidura de Pedro Sánchez que, en palabras da súa voceira, Ana Pontón, acusan á Xustiza de incorrer en *lawfare* na súa loita contra a corrupción en alusión aos casos que están afectando ao PSOE.

Neste contexto, a Presidenta do Consello Xeral do Poder Xudicial, fixo recentemente un chamamento a autoridades e particulares para recuperar o respecto que merecen os tribunais de xustiza e quen os serve, e reclamou o cesamento de calquera presión ou interferencia no labor xudicial.

Máis aló do contexto nacional xeneralizado de vergoña e despropósito, a situación está provocando unha perda de lexitimidade institucional gravísima, a degradación do marco democrático e a ruptura da confianza cidadá no Executivo e nos representantes que o sustentan, feitos que só poden superarse coa inmediata convocatoria de eleccións xerais.

Con todo, as recentes declaracións de Pedro Sánchez, ademais dun tufo ditatorial, ofrecen unha mensaxe desoladora: admite que non adianta as eleccións porque o pobo non está con el. Dun xeito implícito reconece que ten secuestrada a vontade cidadá co único obxectivo de impedir a alternativa de goberno. Nunca antes un presidente afirmou algo parecido, consciente de que se trata dunha actitude de extrema gravidade nun país democrático como o noso.

Esta Corporación, facéndose eco da vontade e opinión da inmensa maioría da cidadanía que representa, non pode permanecer en silencio ante esta situación que esixe un pronunciamento firme en contra da corrupción, das acusacións e precisións realizadas fronte á Xustiza e os xornalistas e en apoio da súa independencia.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

É polo que, o Grupo Municipal Popular eleva ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

“O Pleno da Corporación municipal acorda

1º- Amosar o seu rexeitamento expreso á corrupción instalada no seno do PSOE, no Goberno de España e na contorna persoal e política máis próximo ao presidente Pedro Sánchez.

2º- Condenar as acusacións realizadas polos membros do Goberno de España e os seus socios atacando á Xustiza e xornalistas que están destapando as tramas de corrupción que rodean a Pedro Sánchez.

3º- Esixir ao Goberno de España a inmediata depuración de responsabilidades políticas derivadas dos casos de corrupción coñecidos nas últimas datas e solicitar dos seres socios nas distintas institucións a revisión dos acordos de goberno ou apoio político.

4º- Requirir ao Goberno de España que, de xeito urgente, adopte as medidas necesarias para garantir a colaboración activa con todas as instancias xudiciais, parlamentarias e administrativas que investigan posibles irregularidades na súa xestión.

5º- Solicitar ao presidente do Goberno de España a disolución das Cortes e a inmediata convocatoria das eleccións xerais para permitir que os españois, a través do seu voto, abran un novo tempo político.

En Monfero, a 10 de xullo de 2025.

Fdo: Grupo Municipal Popular Monfero



O Sr. Alcalde en funcións concédenlle a palabra a D.ª M.ª Belén Salido Maroño, Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Monfero, quen manifesta que se queren que a le. Tanto o Sr. Alcalde en funcións como D. Manuel García Deive,



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Concelleiro do BNG, manifestan que xa a leron. Continúa a Sra. Concelleira dicindo que cre que está bastante clara a exposición de motivos e o que piden.

Deseguido intervén o Sr. Alcalde en funcións e manifesta que evidentemente o seu grupo está totalmente en contra de toda corrupción, sexa de dúas ou tres persoas, sexa de partidos, sexa sistémica. Que o que está pasando agora mesmo é unha vergoña, que a súa postura é que os que a fagan que a paguen e que a xustiza actúe con contundencia, pero que sen embargo lles choca moito que pida isto o Partido Popular, un partido xa condenado por corrupción nunha histórica sentenza e que agora mesmo ten 28 casos pendentes este verán que implican a máis de 150 cargos, polo que non está para pedir nada. Que piden o adianto de eleccións e que a alternativa non pode ser a suma de dous partidos, un condenado por corrupción e outro por financiamento ilegal, que é Vox, que a suma de dous partidos condenados por corrupción cre que non da un goberno limpo na súa opinión, que hai moitos casos pendentes agora do PP agora no verán este ano, 28, por iso a súa postura, a pesar de que están totalmente en contra da corrupción, sexa do partido que sexa, incluso do deles totalmente, que o seu voto vai ser en contra.

A continuación intervén o Sr. Concelleiro do BNG e manifesta que máis que lle pese o seu voto tamén vai ser en contra polo mero motivo de incluír ao BNG na moción, que evidentemente non ten ningún caso de corrupción. Que a política nacional quedalle bastante lonxe, que el dedícase a política municipal nada máis pero que realmente lle daría vergoña representar aos dous partidos aos que están representando, PP e PSOE, corrupción pura e dura desde o 78 ata agora nada máis, que non houbo un goberno que non tivera casos de corrupción.

Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do PSOE, D. José Grueiro Torrado, e manifesta que aquí non teñen culpa desas cousas, que aquí é unha corporación limpa e non ten que ver co que fan os de enriba. O Sr. Concelleiro do BNG replícalle que veñen votar para a política nacional e D. José Grueiro contéstalle que xa sabe como son, que máis ou menos son todos iguais. O Sr. Concelleiro do BNG contéstalle que non é certo que todos os políticos sexan iguais. D. José Grueiro manifesta que o que lle interesa é o Concello de Monfero, no que non hai ningún corrupto de momento, no que todos son legais e decentes. O Sr. Concelleiro do BNG contéstalle que non lle está atacando a el nin a ninguén dos que están aquí, que non está dicindo que sexan corruptos, nin moito menos, que ata se atreve a poñer a man no lume por todos, pero que son os representantes deses partidos na Corporación. D. José Grueiro insiste en que os de enriba xa se sabe como son, que con atacarse xa está e que tanta culpa teñen uns coma outros.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é 4 votos a favor (PP), 4 votos en contra (PSOE e BNG) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate repítese a votación co mesmo resultado polo que decide o voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións, quen proclama o rexeitamento da a moción do Grupo Municipal Popular de Monfero en defensa do Estado democrático e de dereito e en repulsa da corrupción que



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

afecta á contorna persoal e política de Pedro Sánchez co voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións.

10.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BNG EN DEFENSA DA IGUALDADE E CONTRA A LGTBFobia

A moción do Sr. Concelleiro do BNG de Monfero en defensa da igualdade e contra a LGTBFobia á que se refire este punto da orde do día, consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000010, enviouse, ao mesmo que a convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular do Concello e transcríbese textualmente a continuación:

“MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA IGUALDADE E CONTRA A LGTBFobia

Dona/Don Manuel García Deive, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de

Monfero, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O día 28 de xuño conmemórase internacionalmente o día do Orgullo LGBT en lembranza das revolta de Stonewall acontecida en New York no ano 1969. Máis de medio século despois, foron dándose múltiples conquistas de dereitos básicos para as persoas LGBT grazas a unha loita colectiva infatigábel.

Porén, a pesar dos avances, segue a haber moito camiño por percorrer para acabar coa discriminación e a violencia que padecen as persoas LGBT ao redor do mundo, como tamén na propia Galiza. A LGTfbia existe aínda no noso país e conta con boa saúde en certos sectores, polo que se taí preciso continuar desenvolvendo ferramentas eficaces para o seu combate. Neste senso, cómpre Lembrar o asasinato de Samuel Luíz na Coruña hai só 4 anos no contexto dunha agresión homófoba.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Os delitos de odio de carácter LGBTfóbico son os segundos máis denunciados segundo o Ministerio do Interior, só superados polos de carácter racista e xenófobo. Segundo esta mesma fonte, no estado español foron 522 os delitos destas características durante o ano 2023, incrementándose a respecto do ano anterior. Mais é preciso sinalar que a respecto das agresións LGBTfóbicas, existe unha importante taxa de infradenuncia, pois máis dun 80% das agresións sufridas - algúns estudos sinalan cifras superiores ao 90% - non chegan a denunciarse nunca, polo que as cifras coas que actualmente contamos non deixan de ser a punta dun alarmante iceberg.

O informe “Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza”, elaborado no 2023 polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais no seo do Consello da Cultura Galega advirte sobre a situación das persoas LGBT actualmente. Neste senso, resultan preocupantes os datos obtidos en varias áreas, sendo graves os do ámbito da educación, salientando que o 88% das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que os centros educativos do noso País sexan espazos seguros para as persoas LGBT. Non é o único estudo que alerta sobre esta situación sobre os centros de ensino galegos, pois no pasado ano, un estudo desenvolvido por Agareso volveu a poñer o foco sobre esta temática, recoñecendo que, se ben a diversidade LGBT é unha realidade cada vez máis visible nas aulas, aínda son moitas as persoas que non poden expresarse libremente sobre a súa orientación sexual ou identidade de xénero por medo ás ameazas, ao trato diferencial ou ao acoso, unha vez que os centros educativos non son espazos seguros. En base ás enquisas realizadas, os datos amosaron que o 81% do alumnado LGBT sufriu algunha agresión e o 69% do profesorado presenciou algunha vez agresións contra poboación LGBT.

O marco lexislativo existente na Galiza é claramente exíguo, ademais de que aínda non está completamente desenvolvido a pesar de superarmos xa a década desde a aprobación da Lei 2/2014 Pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGBT. As decisións adoptadas por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza provocan que, por exemplo, aínda non exista ningunha lexislación específica que recolla os dereitos das persoas trans ou que non se teñan desenvolvido medidas concretas en materia educativa para fomentar a diversidade e combater a LGBTfobia.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de MONFERO presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes ACORDOS:

1. O Pleno Municipal reafirma o seu compromiso cos dereitos de todas as persoas independentemente da súa orientación e/ou identidade de xénero e condena os discursos de odio espallados por movementos reaccionarios, polo que todas as forzas representadas no mesmo asumen o acordo de traballar activamente para evitar a discriminación non asumindo posicións LGBTfóbicas nin establecendo acordos e alianzas con forzas políticas e colectivos que os apoien.
2. Instar ao goberno municipal a:
 - a, Visibilizar este compromiso coa exhibición da bandeira do Orgullo LGBT na Casa do Concello e edificios municipais con motivo da celebración do Día do Orgullo LGTB
 - b. Promover políticas municipais que garantan a igualdade e a visibilidade do colectivo LGBT.
3. Dirixirse á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado para reclamar a ampliación de dereitos e a aplicación de medidas efectivas contra o odio, a discriminación e todas as formas de violencia.
4. Instar aos gobernos da Xunta de Galiza e do estado a ampliar os dereitos recoñecidos na lexislación actual e desenvolver e aplicar políticas activas contra o odio e a discriminación, con medidas claras para a protección dos colectivos que poidan ser albo destas violencias e con iniciativas para combater non só a LGBTfobia e a transfobia, senón tamén o machismo, racismo, xenofobia ou calquera outra forma de violencia.

En Monfero a 18 de XUÑO de 2025



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Asdo. Don/Dona **MANUEL GARCÍA DEIVE**

Portavoz do grupo municipal do BNG”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que supón que o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quería presentar esta moción na sesión plenaria anterior, quen manifesta que si. O Sr. Alcalde en funcións continúa dicindo que no seu momento chegou tarde e decidiu métele na orde día agora, que non sabe se quere engadir algo ou non. O Sr. Concelleiro do BNG resposta que non.

A continuación, a solicitude da Voceira do Grupo Municipal Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e coa conformidade do Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen asina a moción, e do Sr. Alcalde en funcións, procédese a votar os puntos da moción un por un, previa lectura íntegra de cada un deles polo Sr. Alcalde en funcións antes da súa votación, cos seguintes resultados:

Punto 1.: O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que o punto 1. da moción do Sr. Concelleiro do BNG de Monfero en defensa da igualdade e contra a LGTBFobia, á que se refire este punto da orde do día, é aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación e queda adoptado o acordo que se propón nela.

Punto 2.: O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que o punto 2. da moción do Sr. Concelleiro do BNG de Monfero en defensa da igualdade e contra a LGTBFobia, á que se refire este punto da orde do día, é aprobado por unanimidade polo Pleno da Corporación e queda adoptado o acordo que se propón nela.

Punto 3.: O resultado é 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate repítese a votación co mesmo resultado polo que decide o voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións quen proclama que o punto 3. da moción do Sr. Concelleiro do BNG de Monfero en defensa da igualdade e contra a LGTBFobia, á que se refire este punto da orde do día, é aprobado co voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións..

Punto 4.: O resultado é 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate repítese a votación co mesmo resultado polo que decide o voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións quen proclama que o punto 4. da moción do Sr. Concelleiro do BNG de Monfero en defensa da igualdade e



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

contra a LGTBFobia, á que se refire este punto da orde do día, é aprobado co voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións.

11.- MOCIÓN DE AMNISTÍA DE INTERNACIONAL SOBRE O CONFLITO DE GAZA

A moción presentada por Amnistía Internacional sobre o conflito de Gaza á que se refire este punto da orde do día, consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000010, enviouse, ao mesmo que a convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular do Concello e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

GAZA: MODELO DE DECLARACIÓN / MOCIÓN

Hai máis dun ano que o mundo é testemuña dun grao inconcibible de morte e destrución na Franxa de Gaza ocupada. O brutal ataque de Israel contra a poboación palestina de Gaza matou a decenas de miles de persoas, a maioría civís, incluídos nenos e nenas, borrado da face da terra as familias enteiras, arrasado barrios residenciais, destruído infraestruturas críticas e desprazado forzosamente a 1,9 millóns de palestinos e palestinas —máis do 90% da poboación da Franxa de Gaza—, causando unha catástrofe humanitaria sen precedentes.

Durante as operacións militares israelís en Gaza que comezaron tras os terribles ataques de Hamás, constitutivos de crimes de guerra, do 7 de outubro do ano 2023 que ocasionaron a morte de máis de 1250 persoas e a toma de reféns de máis de 250 persoas, Israel puxo en marcha innumerables accións encamiñadas a causar un dano irreparable á poboación palestina.

Mentres o mundo mira impasible, Israel rompeu unilateralmente o cesamento do fogo e segue cometendo ataques implacables con impunidade que causan a perda incesante de vidas palestinas mentres a desesperada catástrofe humanitaria en Gaza empeora cada vez máis. Á luz da urxencia da situación **o Concello de Monfero** pide:

- Que Israel e Hamás acorden e manteñan un cesamento do fogo inmediato e sostido encamiñado a protexer a vida da poboación civil en Gaza.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- Que as autoridades israelís deixen inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o Xenocidio contra a poboación palestina de Gaza, o que inclúe a matanza dos seus membros, lesión grave á súa integridade física ou mental e sometemento intencional dela a condicións de existencia que haberían de carrexar a súa destrución física.
- Que as autoridades israelís faciliten con urxencia o acceso humanitario e a entrega de axuda a Gaza, levanten o bloqueo inhumano e ilegal a este territorio e poñan fin á ocupación do Territorio Palestino Ocupado, poñendo en práctica a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza de xullo de 2024 que declaraba ilegal a ocupación por Israel de Gaza e de Cisjordania, incluída Xerusalén Oriental.
- Que Hamás e outros grupos armados en Gaza liberen inmediatamente as persoas civís, tanto israelís como estranxeiras, retidas como reféns, e que Israel libere ás persoas palestinas detidas arbitrariamente. Nin o uno nin o outro pode estar supeditado ao resultado das negociacións políticas sobre a seguinte fase da tregua.
- Que a Unión Europea utilice o seu poder e influencia en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas. En concreto que garanta o respecto aos Convenios de Xenebra que esixen, como mínimo, que todos os Estados suspendan as transferencias de armas ás partes no conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoiem ás institucións e mecanismos internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación da ONU sobre o Territorio Palestino Ocupado.
- Que a Unión Europea se opoña frontalmente a calquera intento de establecer unha presenza militar permanente en Gaza, modificar as súas fronteiras ou deportar á poboación palestina de Gaza ou Cisjordania, e recoñecer que este traslado forzoso é unha grave infracción do Cuarto Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra.”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que decidiu traer esta moción ao pleno con todo o que está sucedendo actualmente na Franxa de Gaza, que para o seu grupo é un xenocidio brutal, que lle lembra ao dos nasis cos xudíos.

Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que, como acaba de dicir o Sr. Alcalde en funcións, para el o conflito de Gaza



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

é un xenocidio e considera que debía vir presentada a moción como iso, como un xenocidio. Que vai votar a favor e que quere expresar que é un auténtico xenocidio o que está pasando en Gaza.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate repítese a votación co mesmo resultado polo que decide o voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións quen proclama que a moción de Amnistía Internacional sobre o conflito de Gaza á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto de cualidade do Sr. Alcalde en funcións e quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

12.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XUÑO ÚLTIMO

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de abril de 2025, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XUÑO DE 2025

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00174/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2024	2025-06-02 12:59:00
00175/2025	ADMISIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS BOLSA PEÓN, NOMEAMENTO TRIBUNAL E DATA DAS PROBAS	2025-06-02 14:49:00
00176/2025	AVOCACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS DELEGADAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL	2025-06-03 15:16:00
00177/2025	GC- POS+ADICIONAL 1/2025 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025	2025-06-03 15:15:00
00178/2025	ASISTENCIA TRIBUNAL ORGANOS SELECCIÓN BOLSA TÉCNICO TURISMO	2025-06-04 14:59:00
00179/2025	ASISTENCIAS TRIBUNAL FORMACIÓN BOLSA LIMPIADOR/A	2025-06-04 14:58:00
00180/2025	ACTIVACIÓN CONTRATO FIXO DESCONTINUO TÉCNICO TURISMO VERÁN 2025	2025-06-04 15:00:00
00181/2025	2º ACT LISTA AGARDA SERVIZO PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS DE APOIO Á MOBILIDADE	2025-06-05 09:42:00
00182/2025	14º ACT LISTA AGARDA SERVIZO AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE LIBRE CONCORRENCIA	2025-06-05 09:42:00
00183/2025	AXUDAS AO ESTUDO 2025	2025-06-05 09:43:00
00184/2025	PAGO A XUSTIFICAR 01/2025	2025-06-05 12:43:00
00185/2025	ACEPTACIÓN SUBVENCIÓN E INICIO PROCESO SELECCIÓN APROL	2025-06-05 14:50:00
00186/2025	CONTRATACIÓN TÉCNICO DE TURISMO SUBSTITUCIÓN	2025-06-10 12:09:00
00187/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URGENTE (08/2025)	2025-06-10 13:42:00
00188/2025	RELACIÓN FACTURAS 032DRRSE/2025	2025-06-10 15:43:00
00189/2025	RELACIÓN FACTURAS 031DRRSE/2025 CON AD	2025-06-10 15:43:00
00190/2025	APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO NA CATEGORÍA DE PEÓN	2025-06-11 11:33:00
00191/2025	APROBACIÓN BOLSA DE EMPREGO CATEGORÍA LIMPADOR/A	2025-06-11 11:33:00
00192/2025	ASISTENCIA TRIBUNAL ORGANOS SELECCIÓN BOLSA PEÓN	2025-06-11 14:58:00
00193/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-06-11 14:59:00
00194/2025	Adxudicación Contrato Menor: SERVIZO CONTROL DA LEXIONELOSIS PISCINA MUNICIPAL	2025-06-12 13:02:00
00195/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 20-06-2025 (9/2025)	2025-06-17 14:31:00
00196/2025	SAF 05/2025	2025-06-17 14:33:00
00197/2025	FINALIZACIÓN AVOCACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS DELEGADAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL	2025-06-18 00:00:00
00198/2025	ADMISIÓN CANDIDATOS E NOMEAMENTO TRIBUNAL SELECCIÓN PEÓN APROL	2025-06-18 11:50:00
00199/2025	EXECUCIÓN SENTENCIA 00178/2025- PROCEDIMENTO ORDINARIO 364/2020 M.A,B,M	2025-06-18 11:49:00
00200/2025	RELACIÓN FACTURAS 033DRRSU/2025	2025-06-19 09:13:00
00201/2025	ACEPTACIÓN SUBVENCIÓN E PROCESO SELECCIÓN SOCORRISTA XUNTA	2025-06-19 12:37:00
00202/2025	RELACIÓN FACTURAS 35DOK/2025	2025-06-19 12:38:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00203/2025	PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS	2025-06-19 14:00:00
00204/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-06-20 13:52:00
00205/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-06-20 13:53:00
00206/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-06-23 13:03:00
00207/2025	APROBACIÓN VACACIÓNS PERSOAL CONCELLO 2025	2025-06-23 13:02:00
00208/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 25-06-2025 (22/2025)	2025-06-24 13:22:00
00209/2025	NÓMINA 06/2025	2025-06-27 10:29:00
00210/2025	FORMALIZACIÓN ACUERDO APROBACIÓN RELACIÓNS DE FACTURAS 047DRRSE/2024 E 048DOISE/2024	2025-06-27 15:12:00
00211/2025	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS	2025-06-30 10:19:00
00212/2025	CONTRATACIÓN SOCORRISTA XUNTA 2025	2025-06-30 12:16:00
00213/2025	CONTRATACIÓN SERVIZO ASISTENCIA TÉCNICA E URBANÍSTICA segundo semestre del año 2025	2025-06-30 15:02:00

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que a teñen todos, pregunta se hai algunha intervención, ninguén solicita a palabra para intervir, declara que o pleno toma razón e da paso ao punto seguinte.

13.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non se produciu ningún, ninguén solicita a palabra para intervir e da paso ao punto seguinte.

14.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e manifesta que traen un rogo ao equipo de goberno. Expón que agora que se está levando a cabo o campamento de verán, co nome “Concilia Verán”, e resulta que hai clases de natación das 13:00 ás 14:00 horas e que se o programa que se está a levar a cabo é para conciliar, pois que non o é moito porque se as familias deixan a partir das 9:00 aos pequenos no pavillón, teñen que ir ás 13:00 a recollelos e levalos para a piscina e esperar na piscina unha hora, as familias, como comprenderán, normal que estean molestas por este asunto porque ao final non é conciliar é un mareo para estas familias. Conclúe que o que lle queren propoñer ao Goberno é que se busque unha alternativa para que as familias non teñan que ir a recoller aos nenos ás 13:00 ao pavillón e levalos á piscina e, xa que hai un minibus aí detrás aparcado, que se podería utilizar para levar aos nenos do pavillón á piscina, que senón collen nun viaxe que se fagan dous que a piscina non está tan lonxe do pavillón, Que isto axudaríalles moitísimo ás familias no tema da conciliación, porque non é o mesmo recollelos ás 13:00 que recollelos ás 14:00 na piscina e entón, que o rogo que fan ao Goberno é que se lles dea unha comodidade ás familias para non depender... para que non sexa un mareo para elas. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que o



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

terán en conta e, canto ao que dicía das 9 da mañá, que no houbo demanda de 8 a 9. Engade o Sr. Concelleiro do Grupo Popular, D. José Tojeiro Mosquera, que hoxe, como outros días, avisaron media hora antes de que había piscina, que, se había que ir ás 12:30, avisaron ás 12:00 de que había que ilos recoller porque había piscina, e que iso non lle parece lóxico. Engade a Sra. Voceira do PP que as familias non poden estar todos os días pendentes do teléfono para saber se hai piscina ou non, ir recollelos... que ao final é un mareo. Concorde o Sr. Alcalde en funcións, indica que agora mesmo non está informado dese tema e apunta que pode deberse a se hai melloría do tempo ou non.

Deseguido pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e pregunta a que ancho estaban contratadas as pistas que se aglomeraron agora en Vilachá. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que tería que revisar o proxecto porque non van todas igual e pregúntalle a cal se refire porque houbo tres. As relacionan entre os dous: Piñeiro a Goente, Loureiro a Goente e As Curbeiras. Continúa o Sr. Concelleiro que o di porque no seu día, cando comezaron o tramo do Loureiro, falaban os veciños do Loureiro, o Alcalde falou cos veciños do Loureiro e díxolles que quería aglomerala ata abaixo, que de feito pediulle permiso a el mesmo porque testa en dous sitios, se lle daba na finca para anchar, que non houbo problema ningún pero que non sabe se falou con alguén máis, que (o Concelleiro do BNG) falou cos outros veciños e cre que non falou con ningún. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non cre porque no proxecto estaba reflectido tal e como se fixo a obra. Apunta o Sr. Concelleiro que o último tramo si pero que el sabe que cando comezaron o primeiro tramo, fixeron a 5 metros ata a braña e agora aglomerouse a estrada, que lle vai falar desa nada máis, que a do Piñeiro xa era un pouquiño estreita e tal, que tiña moito máis ancho de asfalto do que ten agora e iso que aínda agora lle queda recheo por fora, que lle queda bastante recheo, que lle queda un anaco para cada lado que se notaría moito se a amañaran ata alí e iso que lle raparon para dentro cando limparon as cunetas. Que alí hai unhas curvas que non poden pasar cos tractores, que están a 3,20 en curva a escuadro case, que co tractor só si pero co tractor e co remolque non. O Sr. Alcalde en funcións dille que haberá que corrixila que xa llo comentou un granxeiro de alí ao lado. Pregunta agora o Sr. Concelleiro do PSOE, D. Ramón Grueiro Martínez, se non cubriron o asfalto que había. O Sr. Concelleiro do BNG respóndelle que non, que na curva esa concretamente debe de quedar un metro ou cerca. O Sr. Concelleiro do PSOE, D. José Grueiro Torrado, comenta que mediron mal. D. Ramón Grueiro manifesta que entón iso ten que emendalo o contratista. Pola súa banda, D. José Grueiro, di que depende de como a mediran cando o contrataron, cando mediron a estrada, que a deberon de medir ben. D. Ramón Grueiro di que o mediran como quixeran iso ten que amañalo que non vai deixar un anaco de asfalto sen cubrir con aglomerado. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que o teñen que corrixir, que teñen unha garantía que presentan os contratistas e moitas veces execútanse contra a garantía. O Sr. Concelleiro do BNG engade que o ideal evidentemente sería que viñera o ancho que traía de enriba porque os vehículos cada vez son máis grandes, máis largos sobre todo e as curvas... porque alí son tres curvas, dúas a escuadro e unha bastante pechada e esas dúas curvas



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

cunha cisterna, cun remolque detrás e co tractor que ten 2,50 de ancho e ten 3 metros a estrada é imposible dobralo na estrada e ademais se se bota fóra que é braña.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións deu as grazas a todas as persoas asistentes e levantou a sesión, ás dezanove horas e trinta e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor